

BOLETÍN INFORMATIVO

3ª Carreira de Orientación Concello de Marín

VII Liga AROMON CHEMASPORT 2018 8ª Proba

Sábado, 7 de xullo de 2018
Granxa de Briz (Marín)



Información Xeral

Seguimos coa **VII Edición da Liga AROMON Chema-Sport**.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta sexta proba, será o **sábado 7 de xullo, a partir das 22hs (proba nocturna), no entorno da Granxa de Briz (Marín)**.

Esperámoste!!!

Programa

Presentamos o **programa provisional** desta primeira proba:

- **22:00** - Recepción de participantes.
- **22:15** - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- **22:30** - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- **23:30** - Últimas saídas (non se poderá tomar a saída despois desta hora).
- **00:30** - Peche de meta.
- **01:00** - Resultados e final da actividade.

Modalidades e Categorías

A **MODALIDADE** desta cuarta proba será a **Orientación a Pé**. Os deportistas deberán completar o percorrido sinalado no mapa, que a organización entregará na saída, no menor tempo, sen fallos e coa única axuda dun compás.

CATEGORIAS:

- **Iniciación nenos**, categoría pensada para os nenos cun nivel de esixencia física e técnica baixo. Se son menores de 10 anos, recomendamos que a fagan acompañados dun adulto. Se son de 10 ou máis anos, poden ir en grupo ou sós.
- **Iniciación adultos**, categoría pensada para os adultos (e nenos con experiencia) cun nivel de esixencia físico e técnico medio pero adaptado a persoas adultas.
- **Avanzado**, categoría pensada para nenos e adultos con experiencia en competición cun nivel de esixencia físico e técnico máis alto (só poderán inscribirse nesta categoría persoas federadas en orientación).

Percorridos:

PERCORRIDO	TEMPO ESTIMADO GÑADOR	Nº CONTROIS	DISTANCIA	DESNIVEL
INICIACIÓN NENOS	25'	INFORMACIÓN PUBLICADA NO 2º BOLETÍN		
INICIACIÓN ADULTOS	30'			
AVANZADO	30'			

Localidade: Granxa de Briz (Marín)

Escalas: 1:1500

Equidistancia: 5 m

Descrición do terreo: Terreo de bosque aberto, con amplas zonas, elementos característicos, e totalmente delimitado polos muros do Parque dos Sentidos. Engádese como dificultade a característica da proba (nocturna), que fará deste evento unha proba máis divertida e alternativa. Desnivel moderado.

Lugar e cómo chegar

Granxa de Briz / Parque dos sentidos

<https://goo.gl/maps/Arq9KsCW7M62>

Inscripcións

A inscrición na proba poderá realizarse:

- Na **oficina do club** (mércores, xoves e venres, de 21 a 22hs) - Plaza Curros Enríquez s/n
- Cubrindo o seguinte **formulario online**:
<https://aromon.es/inscripciones/8a-proba-lachs-2018/>

- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto connosco: lachs@aromon.es
- **Existirá un límite de prazas: 200** (si se cubriren priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

i En todos os casos o prazo de inscrición remata o martes 3 de xullo ás 22:00 horas !

Prezos e formas de pago

Socio do club Federado FEDO (AROMON)	0 €
Federado FEDO de 15 anos ou menos	0 €
Nenos de 15 anos ou menos (non federados)	0 €
Socio do club NON Federado FEDO	0 €
Federado FEDO non socio do club (>15 anos) (Percorrido AVANZADO)	4 €
NON socio de 16 anos ou máis	4 €

NON se poderá pagar no secretariado o día da proba.

Información básica e de seguridade

1. É **imprescindible** que acudas á proba cun **frontal ou linterna**, debido á característica especial de esta proba (nocturna).
2. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar para comprobar os datos de inscrición e recoller a pinza SportIdent.
3. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent, é a túa responsabilidade.
4. Existirán **horarios de saída establecidos**.
5. É **obligatorio pasar por meta e efectuar a descarga da tarxeta Sportident**, aínda que se produza o abandono.
6. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dun **compás**, ademais do **mapa aportado pola organización**.
7. Recorda devolver o material prestado.
8. É recomendable levar roupa deportiva cómoda e unha muda de reposto.
9. Non existen duchas nin vestiarios na zona de competición.
10. As competicións de orientación baséanse no **RESPETO**:
 - a. Á natureza
 - b. Aos cultivos e propiedades privadas
 - c. Aos outros competidores
 - d. Ás indicacións do persoal da organización.

¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUERA PARTICIPANTE MANCADO!

Patrocinadores e Colaboradores



Concello de
MARÍN



**HOTEL AVENIDA
PONTEVEDRA**



*Casino Mercantil e Industrial
Pontevedra*